

Obxecto:	Resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (DXPC) sobre o Estudo de Impacto Ambiental (EslA) e Proxecto Sectorial (PS)
Proxecto:	Parque eólico Penas Boas
Localización:	Coirós, Oza-Cesuras e Aranga (A Coruña)
Promotor:	Greenalia Wind Power, SLU
Remitente:	Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
S/clave:	IN408A 2018/35
Data rexistro:	29.11.2021
Expedientes:	03.I.533.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA2958/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 29.11.2021 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito da Xefatura Territorial da Coruña da entón Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación co que, en relación coa documentación presentada o 14.04.2021 e informada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 30.09.2021, "*Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Penas Boas. Febreiro 2020* " e "*Proxecto Sectorial do Parque Eólico Penas Boas. Febreiro 2020 nos termos municipais de Aranga e Oza-Cesuras (A Coruña)*", se xunta nova documentación denominada "*Descripción y valoración de la alternativa definitiva para el parque eólico Penas Boas en los términos municipales de Aranga, Oza-Cesuras y Coirós(A Coruña)*", na que se propón un novo deseño do parque eólico ao obxecto de que se emita o correspondente informe.

ANTECEDENTES E FEITOS

O 05.07.2019 A directora xeral de Patrimonio Cultural resolveu autorizar ao arqueólogo Enrique Álvarez Veira, a realización dunha *Prospección Arqueolóxica para Estudio de Impacto sobre el Patrimonio Cultural del P.E. Penas Boas (Aranga e Oza-Cesuras, A Coruña)*, de acordo co proxecto de intervención presentado pola empresa Greenalia Wind Power S.L. con data 09.05.2020.

O 13.03.2020 a directora xeral de Patrimonio Cultural emite informe en relación á Consulta sobre decisión de avaliación de impacto ambiental do Parque Eólico Penas Boas, no que se establece a necesidade de contar cunha avaliación do impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural, sendo necesario a realización dunha prospección arqueolóxica de todo o ámbito afectado pola infraestrutura eólica.

O 30.09.2021 a directora xeral de Patrimonio Cultural emite informe en relación ao Estudo de impacto ambiental e Proxecto sectorial do Parque Eólico Penas Boas, no que se pedía completar a documentación en varios aspectos.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022)



- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm. 126, do 04.07.2022)
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021)
- Resolución de 20 de novembro de 2013, de Parques Nacionais, pola que se publica a aprobación pola UNESCO de tres reservas da biosfera españolas: Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo, Galicia; Reserva da Biosfera de Terres de l'Ebre, Cataluña; Reserva da Biosfera do Real Sitio de San Ildefonso-El Espinar, Castilla e León, e a ampliación da Reserva da biosfera Ordesa-Viñamala, Aragón (BOE núm. 321, do 30.12.2013)

Análise dos documentos

Os servizos técnicos da dirección Xeral de Patrimonio cultural consideraron, no seu informe de data 30.09.2022 **que non se podían informar** os documentos *Estudio de Impacto Ambiental del Parque Penas Boas, Febrero 2020* e *Proyecto Sectorial Parque Eólico Penas Boas, Febrero 2020*, debéndose completar a documentación en varios aspectos, para poder emitir o correspondente informe.

A documentación agora achegada ten por obxecto describir e valorar unha alternativa definitiva para o parque eólico que de resposta ao requirido no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. A documentación achegada inclúe un documento titulado "*Descripción y valoración de la alternativa definitiva para el parque eólico Penas Boas en los términos municipales de Aranga, Oza-Cesuras y Coirós (A Coruña)*". Nesta documentación inclúese unha nova avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural, asinada polo arqueólogo Enrique Álvarez Veira, con data 24.11.2021.

- As modificacións introducidas no proxecto consisten fundamentalmente en:
 - Eliminación do aerogenerador AE04 e da torre meteorolóxica.
 - Cambio de modelo de aerogenerador, de VESTAS V150 a GAMESA SG145, pasando dunha altura de buxa de 123 m e diámetro de rotor de 150 m a unha altura de buxa de 127 m e diámetro de rotor 145 m, polo que a altura total diminúe uns 8 m.
 - Modificación do acceso ao parque eólico, ao que se accederá desde a poboación de Montesalgueiro por un vial de nova execución que parte do P.Q. 0+300 da estrada AC-230.
 - Modificación do emprazamento da zona de acopios.

Dentro do documento 1, titulado *Memoria* propónse unha nova alternativa e inclúe unha descrición na que compara a proposta inicial e a finalmente presentada.

- No apartado 4 da memoria achega tamén unha descrición da alternativa proposta para o resto dos parques que a mesma promotora está a tramitar na contorna, os parques eólicos Gato e Felga, así coma as liñas eléctricas de evacuación de enerxía SET PE Friol-SET PE Gato e a liña eléctrica SET PE Gato-SET Colectora Mesón do Vento (SEC Mesón). Asemade, inclúe referencia ás infraestruturas existentes nesta mesma zona e promovidas por outras sociedades. Unha das modificacións no conxunto de parques e que afecta ao parque eólico Penas Boas é o cambio de localización da subestación. Esta infraestrutura é compartida polos parques eólicos Felga, Gato e Penas Boas. A SET desprazase a unha zona localizada ao noroeste da proposta inicial, para evitar afeccións sobre o patrimonio cultural, xa que na localización inicial existía unha zona con "*acumulamiento de materiales*".
- No apartado 5 Análisis paisaxístico amplíase o estudo paisaxístico da contorna do parque eólico tendo en conta a nova disposición das infraestruturas e valórase, mediante infografías, o impacto visual do parque eólico, tanto de forma individual como tendo en conta o resto dos parques eólicos e liñas de evacuación que se están a tramitar na zona. Respecto estado actual da contorna, a vexetación, os hábitats e os elementos pertencentes ó patrimonio cultural, a documentación expón que na actualidade existe unha acusada perda de valores ambientais. Para analizar a situación actual visitáronse os elementos do patrimonio cultural máis representativos. Na documentación, realízanse as infografías dende 27 puntos. O documento está asinado por un técnico enxeñeiro de montes e un enxeñeiro técnico forestal. Este apartado conclúe con que a visibilidade existente do parque eólico Penas Boas dende os elementos analizados é reducida en xeral, debido ás distancias e ao efecto de apantallamiento que realiza a vexetación da contorna.



- No apartado 5.2 estúdase a afección visual dos parques eólicos da promotora nesta zona. Para valorar a visibilidade, considéranse dous factores; por unha banda, a distancia entre o observador e las máquinas e por outro, o número de elementos observado dende ese punto. Para integrar ambos valores, utilízase unha fórmula matemática e a conclusión, da análise de afección visual dos bens de patrimonio cultural que se localizan dentro da conca visual do Parque Eólico Penas Boas e as necrópoles existentes, é que se observa que a maior parte destes elementos presentan unha afección moi alta ou alta, sendo potencialmente visibles as tres máquinas do parque eólico. Porén, segundo se expón, dado o actual estado e o escaso número de visitantes, a afección visual do parque é considerada polos redactores da documentación como moderada.

Como **anexo nº 1** ao documento achégase a Memoria da avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural, asinada o 24.11.2021 polo arqueólogo Enrique Álvarez Veira, da empresa Equite. Esta memoria de avaliación, que analiza as afeccións producidas polas modificacións proxectadas, inclúe un novo listado cualificando o impacto dos elementos localizados no ámbito de estudo e dentro da poligonal do parque eólico e unhas fichas cos bens situados a unha distancia inferior a 200 metros das obras.

Respecto á avaliación feita para o EIA inicial, amplíase a cantidade de elementos pertencentes ao patrimonio arqueolóxico, xa que tras o recoñecemento das capas LiDAR e o mapa de altura de obxectos, apareceron dous xacementos arqueolóxicos inéditos localizados no ámbito de estudio. Mantense os mesmos elementos de carácter arquitectónico e etnográfico. Dado que o parque sufriu modificacións, tamén varían as distancias ás obras e a valoración dos impactos. Segundo esta nova avaliación, os elementos do patrimonio cultural recollidos nas fichas e as distancias das obras respecto aos elementos arqueolóxicos son as seguintes:

Código	Elemento	Distancia	Impacto
GA15003001	Mámoa de Torrelavandeira 1	>680 metros ó NNW	Sen afección
GA15003045	Mámoa de Torrelavandeira 2	>770 metros ó N	Sen afección
GA15003046	Mámoa de Torrelavandeira 3	>810 metros ó N	Sen afección
GA15003128	Mámoa de As Trapelas	>330 metros ó N	Compatible
GA15003132	Castro de Painzal	>160 metros ó SE	Moderado
GA15003(1)	Mámoa de As Trapelas 2	>305 metros ó N	Compatible
GA15003(2)	Mámoa de Penas Boas	>40 metros ó N	Severo
TO15003(2)	O Castelo	10 m ?	Severo
TO15003(2)	Medoñas de Abaixo	>170 metros ó N	Moderado
C15003004	Ara romana de Fervenzas	>555 metros ó S	Sen afección
GA15063063	Mámoa de Monte do Gato 20	>10 metros das obras	Severo
B.12	Conxunto de muíños en río Bexo	12 metros a gabia	Severo
E-1	Hórreo en Milreu	20 metros a gabia	Moderado
E-4	Camiño tradicional do Fervencedo	3 metros a gabia	Moderado



- As medidas correctoras de carácter xeral contempladas no *Estudio de Impacto sobre el patrimonio cultural en Alternativa definitiva del P.E. Penas Boas* propostas son a delimitación dos bens do patrimonio cultural na cartografía de obra, o control arqueolóxico presencial e a pe de obra de desbroces, acondicionamentos ou movementos de terras que se realicen dentro das áreas de cautela e a apertura da gabia de canalización na marxe oposta da que se localizan os bens. Asemade, dada a amplitude da zona afectada polo proxecto, a avaliación indica da existencia de valos tradicionais de peche de parcelas ou delimitación de camiños, polo que propón como medida correctora de carácter xeral que a execución da obra, sempre que sexa posible, trate de evitar a súa destrución ou en caso de verse afectados directamente e sempre que sexa posible, realizar a restitución dos tramos desmontados.
Por último, a avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural incorpora unha medida compensatoria que consiste nun plan de posta en valor dalgún dos bens do patrimonio cultural e elixe para este plan o Conxunto de muíños no río Bexo. Entre as medidas mínimas que propoñen para este plan estarían:
 - Poda, roza e limpeza continuada no tempo, da área de protección integral de cada un dos catro elementos do conxunto, máis unha marxe de seguridade (podería ser duns 10 m cando menos), así como de uno ou varios accesos perfectamente acondicionados tanto desde as estradas máis próximas como entre eles.
 - Sinalización dos accesos mediante sinalética e cartelería, así como elementos multimedia.
- Como medidas específicas propónse:
 - Dentro da área dos bens TO15003(1), a delimitación deberá aparecer reflectida na cartografía de obra. A realización dun desbroce con carácter previo ao inicio da obra civil coa finalidade de asegurar a presenza ou non de estruturas visibles, agora ocultas pola vexetación. Dentro da planimetría recolle unha zona específica de para realizar ese control do desbroce. A totalidade das remocións de terras previstas dentro da área de cautela que aparece grafada na planimetría serán obxecto de control e seguimento arqueolóxico.
 - Para o TO15003(2): sinalización na cartografía e control arqueolóxico dos movementos de terras dentro da área de cautela proposta.
 - Mámoa de Penas Boas GA1503(2): balizado e o control arqueolóxico das obras e dos desbroces previos á apertura da gabia dentro do contorno de protección. A gabia de cableado deberá manterse no lateral sur da estrada, no lado oposto no que se encontra o túmulo.
 - Para o Castro de Paínzal (GA15003123): control presencial dos desbroces, apertura e restitución dun tramo de 445 metros de gabia ó sur do castro co fin de revisar a existencia ou non de estruturas adxacentes. Esta zona aparece grafada na planimetría da documentación.
 - Mámoa das Trapelas 2 (GA15003(1)): a delimitación deberase reflectir na cartografía de obra.
 - Mámoa do Monte do Gato 20 (GA15063063): a delimitación deberase reflectir na cartografía de obra, realizarase o balizado do ben e o control arqueolóxico das remocións de terras previstas. As medidas correctoras previstas para este ben en concreto, serán ampliadas no apartado adicado ós efectos sinérxicos dentro deste mesmo documento, establécendose para este ben que *"las medidas correctoras deberían ser las mismas que las propuestas en la E.I. del P.E. Gato"*.
 - Conxunto de muíños en río Bexo (8.12): Balizado do lateral S da estrada, nun percorrido duns 50 m desde a ponte sobre o río Bexo en dirección O, abranguendo todo o perímetro do muíño nº 4 e control e seguimento arqueolóxico dos movementos de terra.
 - Hórreo en Milreu (E-1): Control e seguimento das remocións de terra.
 - Camiño tradicional do Fervencedo (E-4): Balizado do tramo conservado do camiño nos dous puntos onde queda acoutado pola pista actual, pola cal transitará a maquinaria de obra, limpeza e documentación do perfil da gabia de obra no tramo en que esta cruzaríase co posible trazado orixinal do camiño e control e seguimento das remocións de terra.
- Na parte final da avaliación de impacto cultural e baixo o epígrafe titulado *El análisis de la afección visual*, o autor considera que as afeccións causadas polos proxectos inicialmente propostos vense reducidas cos cambios introducidos. Neste apartado tamén se argumenta como, na avaliación de impacto do parque eólico Penas Boas non se pode pretender valorar o impacto que conlevan proxectos nin infraestruturas que non figuran no proxecto que se avalía e que, en todo o referente á análise da afección visual, admite que a única valoración conxunta que pode



facér é a derivada de contemplar as infraestruturas comúns co PE Gato. En todo caso, para o que se refire ao impacto visual, propón unha corrección do impacto xeral que supoña unha compensación, mediante a aplicación dunha medida de posta en valor, concretamente, na zona dos muíños de Bexo.

- Baixo o epígrafe *Evaluación de Impactos Sinérgicos* considérase que só existen estes efectos en dous casos. En primeiro lugar no caso da Mámoa 20 do Monte do Gato, que se localiza dentro do ámbito do PE Gato, do ámbito do PE Penas Boas e da LAT Friol-Gato. O segundo lugar estaría o impacto sinérxico sobre a mámoa de Penas Boas GA15003(2), que se localiza dentro do ámbito do P.E. Penas Boas e da LAT Fontella-Abegondo (tramitada por outro promotor diferente).

Respecto á Mámoa 20 do Monte do Gato para o autor non supón unha multiplicación do impacto dado que a gabia se vai a abrir soamente unha vez e que unha vez aberta a gabia do PE Gato, tenderáse o tubo de cableado para Penas Boas, na mesma gabia e ao longo de todo o tramo compartido. Respecto o efecto acumulativo coa LAT Friol-Gato, di que este é escaso xa que a liña sobrevoa o contorno de protección a aproximadamente 190 metros sen preverse a construción de apoios dentro do dito contorno de protección.

Para a mámoa de Penas Boas, neste apartado recóllese que, a coincidencia da LAT Fontella-Abegondo e as infraestruturas do PE Penas Boas, si supoñen a multiplicación do impacto polos efectos sinérxicos. Porén, o autor considera que non se amplía o nivel de tal impacto por ter dúas afeccións de infraestruturas separadas.

Unha vez analizada a documentación presentada, pódense facer as seguintes **consideracións técnicas**:

- Non se concreta o acceso ao parque eólico fora da poligonal, desde a rede de estradas xerais, nin as actuacións que será necesario realizar para acondicionar eses accesos, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural (xacementos arqueolóxicos, antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecuar os accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc...).
- De acordo coa documentación presentada, cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así coma o Plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, constátase que, dentro da poligonal do parque eólico, existen bens do patrimonio cultural e catalogados que poderían verse afectados polas obras da infraestrutura eólica e polos viarios interiores do parque se non se adoptan medidas protectoras ou correctoras.
- Así mesmo, é necesario ter en conta a natureza dos rexistros arqueolóxico e etnográfico galegos, moitas veces enmascarados por unha tupida vexetación, polo que non se pode desbotar a existencia de bens non detectados ate o de agora, que aínda que non estean recollidos en inventarios e que son susceptibles de protección por configuraren a paisaxe galega e caracterizar culturalmente o territorio. A zona de implantación do parque Penas Boas e o parque eólico Gato (ambos parques comparten subestación) trátase dun ámbito de gran riqueza arqueolóxica, e nas proximidades localízanse numerosas necrópoles tumulares, que suman un total de 107 túmulos, sen contar as mámoas identificadas de forma individual. Unha vez revisadas as capas LIDAR e o plano de pendentes¹, púidose constatar a existencia de xacementos inéditos localizados dentro do buffer de 200 metros das obras do parque.
- En relación co TO15003(2) No informe da DXPC de data 30.09.2022 establecíase como medida que debía realizarse unha roza, baixo control arqueolóxico, das áreas que non puideron ser prospectadas adecuadamente, debido a vexetación, para descartar ou confirmar a presenza de bens arqueolóxicos e establecer as medidas protectoras e correctoras axeitadas xa que se debía clarificar a potencialidade arqueolóxica deste espazo. Neste senso, cómpre destacar que tanto o emprazamento como a toponimia son dous indicios da posible presenza dun xacemento arqueolóxico, tal e como se recolle na avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural. Sobre este topónimo cómpre considerar que:
 - A nova proposta despraza o aeroxerador AE02 cara o oeste, polo que pasa a ocupar un espazo distinto ao considerado anteriormente.

1 <http://mapas.xunta.gal/produtos-cartograficos/relevos>



- O autor da avaliación establece un contorno de protección de 200 metros.
- Dentro deste contorno de protección fórmase a execución de vieiros a acondicionar, vieiros de nova apertura, a execución da plataforma do areoxerador AE-2 e a implantación do mesmo.
- Establécese unha área de cautela de desbroce, que coincide coa plataforma do areoxerador AE-2. Na planimetría grafase esta zona de control arqueolóxico de desbroce, proceso que se propón como medida correctora a realizar con carácter previo á obra. Na memoria da avaliación, o autor indica que *"En el momento de redacción de esta Memoria técnica, la empresa ejecutora del proyecto estaba en negociaciones con los propietarios de los terrenos implicados en el desbroce. En todo caso, la ejecución de esta medida correctora deberá realizarse en fase de replanteo"*.

Con data 05.08.2022, os servizos técnicos da DXPC realizaron unha visita á zona das obras do parque eólico. Durante esta visita, constatouse o seguinte:

- A cobertura vexetal existente na actualidade, na zona coñecida coma o Marco do Castelo, estaba moi pechada á excepción dunha devasa que cruza a parcela en dirección norte-sur ou nas zonas onde proliferan afloramentos de gran tamaño.
- Nos afloramentos observamos pías de erosión natural, marcas de canteiría e extracción, valos tradicionais en mal estado de conservación que se apoian nestes afloramentos, etc,...
- Non se puido revisar adecuadamente, pola presenza desta vexetación, nin a plataforma do AE-2 nin tampouco a do AE-3, así como unha parte da traza do vial principal. A vexetación ocultaba parcialmente os terreos que se corresponderían co buffer de 200 metros das obras. Isto mesmo acontecía, de xeito parcial, na plataforma do AE01.
- No alto da zona coñecida como Marco do Castelo está actualmente instalado un anemómetro ancorado ós afloramentos rochosos, aproximadamente onde se localizará o AE03, instalación da que non temos constancia de se forma parte ou non das infraestruturas do PE Penas Boas.
- Tentóuse contrastar coa veciñanza a posible existencia de referencias á patrimonio inmaterial ou algún dato que puidera axudar a concretar a natureza arqueolóxica do espazo coñecido coma "Marco do Castelo" ou "Monte do Castelo". Polo que nos foi trasladado, na zona do Marco do Castelo, onde se localiza o límite de varias parroquias, os habitantes máis vellos da contorna afirmaban a existencia dun "forno" que na actualidade ou está desaparecido ou non está localizado. Polas datas que nos forneceron os informantes, é posible que estivera aínda en pé ata fai aproximadamente 100 anos. Tamén segundo a información obtida, esta estrutura tería carácter antrópico. Cómpre destacar que a acepción "forno" é a habitual nomenclatura popular para designar ás antas ou aos dólmenes neolíticos.
- A planimetría que se achega en formato .Shp, recolle que a gabia de evacuación do parque Penas boas remata a aproximadamente 2.052 metros da subestación. Esta infraestrutura é compartida polos parques eólicos Felga, Gato e Penas Boas, xa que Penas Boas carece de sustantividade ó non dispor de subestación transformadora propia que o permita conectarse por si mesmo á rede xeral de evacuación de enerxía. A gabia de evacuación de Penas Boas transcorrerá, durante eses derradeiros 2 quilómetros, en paralelo ou coincidente con parte da traza do vial principal do parque eólico Gato, o que tamén podemos constatar no plano 5 de 5 do EIPC de data novembro de 2021. Neste documento, respecto ás medidas correctoras sobre a Mámoa 20 do Monte do Gato dise o que segue: *"Un tramo de la zanja referida afecta al área de cautela de la mámoa 20 de Monte do Gato, sita a poco más de 10 m de distancia, existiendo entre ellos una pista de grava y una alambrada. A pesar de la escasa distancia que media entre la zanja y el elemento, el impacto real puede ser considerado como moderado puesto que para la instalación de todo el cableado situado dentro del área de cautela se aprovechará la zanja de cableado del P.E. Gato, que se ejecutará a la vez o, incluso, con anterioridad. Así, en el momento de apertura de dicha zanja quedará instalado también el cableado del P.E. Penas Boas, por lo que no será necesaria reabrir dicha zanja o la creación de una segunda zanja, paralela a la anterior y, por tanto, no habrá nuevos movimientos de tierra en el entorno de esta mámoa. Teniendo en cuenta estas circunstancias, las medidas correctoras deberían ser las mismas que las propuestas en la E.I. del P.E. Gato"*. Esta proposta considérase coherente coa corrección do impacto da totalidade das obras sobre a mámoa.
- Cómpre indicar que o estudo de efectos sinérxicos sobre o patrimonio cultural aportado na resposta do promotor, foi realizado atendendo aos efectos sinérxicos visuais.



- As modificacións introducidas no proxecto do parque eólico Penas Boas para adaptarse aos requirimentos feitos no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 30.09.2021 non cambian as afeccións aos elementos do patrimonio cultural de carácter arquitectónico e etnográfico, cuxas medidas correctoras de impacto considéranse axeitadas.

INFORME

Á vista do exposto e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural propónse informar de xeito **favorable** o Parque eólico Penas Boas, coas modificacións recollidas no documento *Descrición e valoración da alternativa definitiva para o parque eólico Penas Boas nos termos municipais de Aranga, Oza-Cesuras e Coirós (A Coruña)* e as medidas correctoras propostas no seu anexo nº 1 e sempre que se teñen en conta ademais as seguintes condicións de cautelas:

- Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).
 - A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control e seguimento arqueolóxico das mesmas, que deberá ser presencial, intensivo, continuo e a pé de obra nos perímetros de 200 m dos bens arqueolóxicos existentes ou de calquera outro que poida aparecer durante o transcurso das obras, así como nas áreas de control específicas establecidas no estudo.
 - Con carácter previo ao inicio das obras, realizarase a roza, baixo control arqueolóxico, das áreas que están cubertas pola vexetación, para descartar ou confirmar a presenza de bens arqueolóxicos e establecer as medidas protectoras e correctoras axeitadas. Estas zonas comprenderían as plataformas dos tres aeroxeradores e a indicada na planimetría para o Castro de Paínzal. Nomeadamente, no caso do TO15003(2) O Castelo, deberase confirmar a existencia dalgún tipo de indicio de índole material ou física, que permita descartar ou confirmar a existencia dun xacemento. De confirmarse a presenza do mesmo deberá avaliarse e corrixir a afección das obras sobre o ben (aeroxerador, vieiro, gabia, etc...).
 - No tocante as medidas correctoras establecidas para a mámoa 20 do Monte do Gato, que se verá afectada polas obras de execución da gabia de evacuación de enerxía do PE Penas Boas, deberán ser as mesmas que as propostas durante a tramitación do P.E. Gato.
 - No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación in situ dos mesmos.
 - Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres tanto de obra nova relacionada co parque eólico coma de zonas de amoreamento de material.
 - Os elementos de patrimonio arqueolóxico e as súas áreas de protección deberán plasmarse na cartografía de obra.
 - Prestarase especial atención ás afeccións sobre os muros tradicionais que poidan existir na zona de obras. Para iso, nas rozas e replanteo de accesos, plataformas, cimentacións e gabias de cableado estará presente a persoa ou persoas encargadas do control e seguimento arqueolóxico, para identificar axeitadamente os tramos de muros tradicionais de pedra en seco que se podan ver afectados polas obras. En todo caso, procurarase axustar as obras no replanteo para que as afeccións sexan as mínimas.
- Támén baixo control arqueolóxico desmontaranse os tramos de muros onde sexa preciso, e procederase á súa reintegración e remate axeitado.
- Cómpre sinalar que a técnica tradicional de construción de pedra en seco foi incluída no Censo do patrimonio cultural de Galicia como manifestación do patrimonio cultural inmaterial pola resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 31.08.2016 (DOG núm. 186, do 29.09.2016) e tamén figura incluída na Lista Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade desde 2018.



- No caso de que se leve a cabo o plan de posta en valor do Conxunto de muíños no río Bexo, calquera intervención que se pretenda realizar terá que contar cos informes ou autorizacións precisas, incluíndo a do propietario do ben afectado.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.
- Calquera modificación do proxecto de parque eólico terá que ser informada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Por outra banda, con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda. Esta avaliación do impacto terá en conta o seguinte:
 - Consultaranse os catálogos das figuras dos planeamentos en vigor dos concellos afectados polo proxecto, os arquivos existentes na Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais e o Plan Básico Autonómico de Galicia.
 - Delimitaranse os bens do patrimonio cultural e as súas áreas de protección, baseándose no traballo de campo, en planimetría de detalle, en fotografía aérea e, no seu caso, en cartografía catastral. Estas áreas deberán axustarse ao previsto na normativa urbanística vixente nos concellos afectados e subsidiariamente ao disposto no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016).
 - Presentarase planimetría na escala apropiada na que se definan claramente as características dos accesos do proxecto (tramos existentes a modificar e tramos de nova construción). Cómpre sinalar que se deberán respectar os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural quedando libres de obra nova. A avaliación do impacto do proxecto deberá contar cunha ficha individualizada de cada elemento na que se fará constar as especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto, cualificación do mesmo, a distancia entre as obras e os bens e proposta de medidas protectoras e correctoras.

Respecto do proxecto sectorial

- O documento debe modificarse para recoller os cambios introducidos no proxecto do parque eólico. Asemade, na planimetría de clasificación urbanística proposta se incluírán e grafarán todos os bens patrimoniais recollidos no EsIA e na Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural que se inclúe como anexo nº 1 do documento Descrición e valoración da alternativa definitiva para o parque eólico Penas Boas nos termos municipais de Aranga, Oza-Cesuras e Coiros (A Coruña).
- Os contornos de protección dos bens serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Asemade, as modificacións que poida haber estudo de impacto ambiental deberán recollese para que haxa correspondencia entre os documentos.
- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollese a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
- No caso de identificarse novos bens arqueolóxicos, os concellos deberán incluílos no catálogo de bens culturais da súa normativa urbanística, así como definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.





Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural
M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxía e Minas. Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

